



## **CIRCULAR 22-2019.**

### **III CAMPIONATO DE GALICIA DE LANZAMENTOS LONGOS SUB 18 E SUB 16 E II CAMPIONATO DE GALICIA DE LANZAMENTOS LONGOS SUB 20.**

- A todas as delegacións da F.G.A.
- A todos/as os/as asembleístas
- A todos os clubs galegos con licenza vixente
- A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente
- A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente

**Art.1).-** A F.G.A. organiza o **III Campionato de Galicia de Lanzamentos Longos Sub18 e Sub16 e o I Campionato de Galicia de Lanzamentos Longos Sub20** que terá lugar no Centro Galego de Tecnificación de Pontevedra o vindeiro sábado 16 de febreiro do 2019.

**Art.2).-** Poderán participar todos/as aqueles/as atletas da categoría que o desexen e se atopen en calquera das seguintes condicións:

1. Atletas que ficharan ao longo a tempada actual (2018/19) por algún club pertencente á Comunidade Galega
2. Atletas con ficha pola F.G.A., aínda que pertenzan a Clubs de outras CCAA.
3. Atletas nacionais convidados/as expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das anteriores condicións.

*\*Segundo acordo de Asemblea os/as atletas estranxeiros/as da categoría Sub20 en diante que non estean nacionalizados en España non poderán optar aos podios nos Campionatos de Galicia*

**Art.3).-** Poderán participar en cada especialidade os/as atletas que se inscriban coas 12 mellores marcas, conseguidas durante a tempada 2017/18 ou 2018/19.

**Art.4).-** As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA ([hhttps://isis.rfea.es/sirfea2/](https://isis.rfea.es/sirfea2/)) **ata as 20:00 horas do martes 12 de febreiro do 2019.**

**Art.5).-** Os atletas deberán retirar os seu dorsal ata 50 minutos antes do inicio da proba. A entrada á pista farase por cámara de chamadas, non permitíndose o acceso á mesma dende outro punto distinto a esta. O acceso á pista efectuarase 30 minutos antes do inicio da proba. Poderá permitirse a entrada á pista de atletas posteriormente sempre e cando non iniciara a proba, sen que en ningún caso, supoña retraso do inicio da mesma.

**Art.6).-** Entregaranse medallas aos tres primeiros/as atletas, tanto en homes como en mulleres, de cada categoría. É obrigatorio acudir ao protocolo de premios no podio. No caso contrario, non se fará a entrega da medalla.

**Art.7).** Pase a mellora: 8 mellores marcas e polo menos 2 atletas de cada categoría.



**Art.8).-** Os/As atletas deberán utilizar o dorsal de forma totalmente visible, en toda a súa superficie, colocado na parte de diante. O incumprimento desta norma será motivo de descualificación. Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal.

**Art.9).- HOMOLOGACIÓN DE ARTEFACTOS**

Os artefactos persoais deberán presentarse á homologación ata 1 hora antes do comezo da mesma.

**Art.10).- HORARIO (provisional).** O horario definitivo publicarase en función dos inscritos o mércores anterior á proba.

<b>HORARIO PROVISIONAL</b>		
<b>XORNADA DE MAÑÁ</b>		
<b>10:00h</b>	Martelo	Masculino
<b>11:30 h</b>	Xavelina	Feminina
<b>13:00 h</b>	Martelo	Feminino
<b>XORNADA DE TARDE</b>		
<b>15:00 h</b>	Disco	Masculino
<b>16:30 h</b>	Xavelina	Masculina
<b>18:00 h</b>	Disco	Feminino

**Art.11).-** A responsabilidade das inscricións dos/as atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. **Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:**

- Se o/a atleta, previamente inscrito/a non participa finalmente no Campionato, a sanción será de 3 euros por atleta inscrito, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA (6 euros por atleta con datos falsos)
- Non realizar a inscrición no prazo estipulado (3 euros).

**Art.12).-** Todo o non disposto no presente regulamento resolverase de acordo, por esta orde, as normas da FGA (ver normas técnicas FGA 2018-2019), RFEA e IAAF.

A Coruña, 29 de xaneiro de 2019



Carlos Castro Vicente  
Secretario Xeral da Federación Galega de Atletismo